



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL PARTICIPANTES NO DIÁLOGO SOCIAL DE GALICIA (CEG, UGT-GALICIA, S.N. de CC.OOO de Galicia) EN MATERIA DE IGUALDADE LABORAL E FENDA SALARIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria , **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), coa UGT-GALICIA e co S.N. CC.OO de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22/11/2019 ata o 31/07/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e as organizacións participantes do diálogo social, respecto das actuacións que en materia de Igualdade de oportunidades e fenda salarial se poñan en marcha no actual proceso de Diálogo Social en Galicia. Froito do diálogo social acórdase poñer en marcha un Programa de impulso da igualdade laboral e contra a fenda salarial e para sentar as bases do mesmo, se apoiará, como unha experiencia piloto, a creación de Gabinetes Técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial, por parte das organizacións sindicais e empresarial participantes no Diálogo Social de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A inicios do ano 2019, as entidades participantes no Diálogo Social de Galicia (as organizacións máis representativas UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) xunto coa Xunta de Galicia iniciaron un proceso que aborda distintas temáticas laborais sendo unha delas a cuestión relativa á Igualdade de oportunidades e fenda salarial, para o que





se constituíu unha Mesa específica, a “Mesa 1 - Igualdade de Oportunidades” que ten por obxectivo acadar un mercado laboral en igualdade, sen discriminacións por razón de xénero. A devandita Mesa 1 do Diálogo Social de Galicia marcouse dende o principio abordar a igualdade laboral e de oportunidades chegando a unha serie de acordos entes os que se atopa o relativo á creación, como experiencia piloto, de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e contra a fenda salarial. O carácter singular e as razóns que acreditan o seu interese público, social e económico, así como a dificultade da súa convocatoria pública ven motivada polas circunstancias de ser unha actuación pioneira, que se enmarca dentro do proceso de diálogo social en Galicia e porque o resultado das accións destes gabinetes serán elevados á Mesa 1 de diálogo social para que se elabore unha diagnose definitiva da situación e sirva para que siga avanzando no desenvolvemento das súas accións a prol da igualdade de oportunidades, polo que en base ao acordado os gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral realizarán o seu labor seguindo as pautas de actuación que lles indique a Comisión de Seguimento deste convenio en coordinación coa Mesa 1 de Diálogo Social o que reforza o carácter singular desta acción concibida como experiencia piloto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 3 de decembro de 2019 (asinado dixitalmente)

